

A nova monarquía dos Reis Católicos.

Isabel de Castela e Fernando de Aragón, curmáns e representantes das dúas pólas da casa de Trastámara, casaron en 1469, sendo herdeiros das súas respectivas Coroas. O seu matrimonio e posterior subida ao trono supuxo a creación dun novo Estado que se denominou Monarquía Hispánica. Esta entidade englobou a Coroa de Castela e a de Aragón, aínda que non significou a unificación política de ambos os reinos posto que cada Coroa mantivo as súas propias institucións de goberno. Pero, esta unión dinástica sentou as bases dun Estado moderno con gran proxección internacional.

A unión dinástica

En 1469 tivo lugar o matrimonio de dous príncipes: Isabel de Castela e Fernando de Aragón. Tras a morte do seu irmán Henrique IV en 1474, Isabel accedeu ao trono de Castela, aínda que a guerra civil que enfrontou aos seus partidarios e aos da filla do monarca falecido, *Juana a Beltranexa*, se prolongaría ata 1479. Ese mesmo ano, Fernando II herdou de seu pai, Juan II, a Coroa de Aragón. Quedaban así unidas as dúas Coroas. Tratouse, sen embargo dun **vínculo persoal e dinástico** dos reis titulares que non implicou a integración política dos respectivos reinos. Cada unha das Coroas mantivo a súa personalidade, con leis, moedas, linguas, costumes e institucións propias e diferenciadas. Conserváronse tamén as fronteiras e as alfándegas entre elas. Os casteláns seguiron a ser, legalmente, estranxeiros en Aragón e viceversa.

A **Concordia de Segovia** (1475), establecera un reparto de competencias e administración conxunta en Castela. Fernando recibiu a consideración de rei pero Isabel era a única propietaria do reino e, á súa morte, os seus títulos pasarían aos seus descendentes directos e non ao esposo. O acordo simbolizouse cun lema, "*tanto monta, monta tanto Isabel como Fernando*", cun único escudo real que incorporaba as armas de Castela e Aragón, ademais do xugo (símbolo de Fernando) e as frechas (símbolo de Isabel. Por outra banda, Isabel non podía reinar en Aragón, onde os usos sucesorios excluían as mulleres.

Retrato nupcial dos Reis Católicos (Anónimo)




[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#).

Documento da Concordia de Segovia (1475),
asinado por Isabel e Fernando.



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#).

Escudo de armas dos Reis Católicos.



Heralder [CC-BY-SA -3.0 ou GFDL],
dende [Wikimedia Commons](#)

A unión dinástica das Coroas provocou **problemas de titulación**: os Reis Católicos decidiron manter os seus títulos tradicionais con enumeración de tódalas as súas posesións e nunca empregaron o título de reis de España. Esta denominación foise impoñendo devagar no exterior sen que tivese un contido político preciso. Seguía a lembrar o termo Hispania, que se remontaba á romanización e ao reino visigodo, e referíase a tódolos pobos e territorios da Península Ibérica.


Castela era o territorio máis poderoso da nova monarquía, tanto pola súa maior poboación coma polo seu dinamismo económico. Ademais, dende finais da Idade Media, o proceso de integración dos diferentes reinos da Coroa castelá avanzara significativamente, compartido institucións e lexislación comúns, e o poder real fortalecerase en maior medida. Estas circunstancias favoreceron a **supremacía castelá** no conglomerado político da monarquía e facilitaron a difusión dos seus costumes, leis e lingua polo resto dos territorios peninsulares. Castela foi tamén a principal beneficiaria da política de expansión territorial impulsada polos monarcas: incorporación das Canarias (1477-1497), descubrimento das Indias e ocupación das Grandes Antillas (1492-1511), conquista de Granada (1482-1492), anexión do reino de Navarra (1512).

A reorganización político-administrativa.

A pluralidade da monarquía hispánica non impediu que os Reis Católicos encetaran un proceso de **reforzamento do poder real** dirixido á construción dunha **monarquía autoritaria**. Cumpría recortar a autonomía das cidades, someter as Cortes, controlar as Ordes Militares e reducir o poder da nobreza e da Igrexa. Para lograr estes obxectivos, despregouse unha ampla **reorganización político-administrativa**, especialmente intensa en Castela, que sentou as bases dun **Estado moderno**:

- Reorganizouse o **Consello Real de Castela** (1480), que se constituíu no órgano central do goberno. Profesionalizouse a institución ao introducir letrados de formación xurídica o que contribuíu a reducir a influencia política das familias aristocráticas. Creáronse tamén novos Consellos para atender ao goberno dos restantes territorios (Aragón, Navarra, Indias...) e a determinadas funcións (Inquisición, Ordes Militares, Cruzada...) da monarquía.
- Establecéronse **novos cargos**. Os **secretarios reais** eran funcionarios con formación xurídica que mediaban entre os consellos e os reis. Nos territorios nos que os monarcas non estaban presentes, eran representados polos **vicereis**.
- Reformouse a **Facenda** co obxecto de acrecentar os recursos financeiros da monarquía. Para isto creáronse en 1476 dous **organismos novos**: a **Contaduría Maior de Facenda**, encargada da recadación, e a **Contaduría Xeral de Contas e Resultas**, supervisora dos gastos e ingresos.

Páxina do Libro de Actas do Real Acordo da Real Chancillería de Valladolid (1494)



FONTE: Portal dos Arquivos Españols
(PARES)

Algunhas **concesións papais**, como a administración do Mestrado das Ordes Militares ou a bula de Cruzada, axudaron a aumentar os ingresos reais.

- No eido da milicia, fundouse a **Santa Irmandade** (1476), corpo armado pagado polos concellos e encargado do mantemento da orde e da persecución dos delitos, e estableceuse o núcleo dun **exército profesional e permanente**, baseado na mobilidade da infantaría e da cabalería lixeira, que había revelar a súa eficacia nas guerras de Italia (1495-1505).
- Reorganizouse o **sistema xudicial**, consolidando os tribunais reais: os **corriximentos** a nivel municipal; as **Audiencias**, a nivel rexional; as **Chancelarías**, altos tribunais don sedes en Valladolid e Granada; e o **Consello Real de Castela**, última instancia xudicial.
- Nas cidades castelás xeralizouse o cargo de **corrixidor**, figura de designación real que supervisaba o goberno municipal e tiña importantes competencias administrativas, fiscais, xudiciais e militares. A súa actuación contribuíu a limitar o poder das oligarquías urbanas en prol da autoridade real.
- A importancia política das **Cortes de Castela** foi decaendo en prol dos consellos. As súas convocatorias, limitadas a tomar xuramento ao herdeiro ao trono e a votar os subsidios extraordinarios demandados polo monarca, fóronse distanciando.

Na Coroa de Aragón, Fernando, consonte á **tradición pactista**, tivo que respectar os poderes e a autonomía das institucións de cada reino, singularmente das Cortes. As novidades máis importantes foron a creación da figura do **vicereí** -un por reino-, como representante persoal do monarca cando este estaba ausente, e a xeralización a partir de 1498 do sistema de **insaculación** (elección por sorteo) na provisión das maxistraturas municipais.

De tódolos xeitos, o **poder señorial** a penas se veu afectado. Certo que nas Cortes de Toledo (1480) se acordou someter a revisión as mercedes concedidas por Henrique IV, o que prexudicou aos nobres que apoiaran a causa da Beltranexa na guerra civil e permitiu recuperar parte do patrimonio real. Pero o seu poder económico e social veuse consolidado con novos títulos e concesións reais e coa institucionalización do morgado, que garantía a continuidade dos seus patrimonios.

A política relixiosa.

A construción dunha monarquía autoritaria chocou tamén coa Igrexa. Os Reis Católicos mantiveron un importante **enfrentamento co papado** na defensa das **regalías**, prerrogativas rexias que supuñan controlar o nomeamento dos bispos, participar das rendas eclesiásticas e mesmo promover a renovación do clero (eliminación de malas prácticas eclesiásticas, mellora da súa formación), para o que contaron co apoio de reformadores relixiosos como o cardeal Cisneros. En mans dos reis quedou tamén o **Tribunal da Inquisición**,

concedido polo papa en 1478. Este tribunal relixioso, fundado para a persecución da herexía,

Auto de fe presidido por Santo Domingo de Guzmán, de Pedro Berruguete (1450-1504)



[Dominio público], dende Wikimedia Commons.

converteuse nun eficaz instrumento represivo e nun medio para o reforzamento do poder real. Débese ter en conta que, a parte dos monarcas, a Inquisición era única institución que tiña xurisdición tanto en Castela como en Aragón e que dependía directamente daqueles.

A política relixiosa dos Reis Católicos perseguíu a **uniformidade relixiosa** dos seus reinos. Este interese respondía a dúas premisas: a fé cristiá era considerada o fundamento espiritual e político da unidade de reinos tan diversos, a homoxeneidade relixiosa era un factor esencial para a paz interior da monarquía.

Esta pretensión concretouse na **expulsión dos xudeus**, decretada en 1492. A medida afectou a unhas 70.000 persoas, que se exiliaron en Portugal, o Magreb e diversos cidades de Europa. Os xudeus sefardís mantiveron viva a súa cultura, incluído o castelán antigo (o *ladino*), durante séculos. Outros 50.000 xudeus optaron por se converter ao cristianismo para permanecer nos dominios da monarquía hispánica. Sen embargo, os *cristiáns vellos* desconfiaron da sinceridade destes *convertidos*, vítimas de constantes discriminacións e sometidos á vixianza e a persecución inquisitoriais.

Os acordos de capitulación de Granada (1492) garantían teoricamente a liberdade da poboación musulmá para manter a súa relixión, costumes e propiedades. Axiña estas cláusulas convertéronse en papel mollado. O malestar dos mudéxares estalou na revolta do Albaicín (1499-1500). Tras ela, impúxose un **bautismo forzoso e masivo da poboación musulmá**. Os que non aceptaron o bautismo foron expulsados de Castela (1502) e de Aragón (1526). Os que si o fixeron, a maioría, foron denominados *mouriscos*. Acadábase así o obxectivo de conseguir un Estado homoxéneo, dentro do cal, en teoría, non quedaban minorías relixiosas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato*. Aula 3D, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LADERO QUESADA, M.A.: *La España de los Reyes Católicos*, Madrid, Alianza Ed., 2014.